



RESOLUCIÓN

Asunto: **SELECCIÓN DOS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS E DE PERSOAL ENCARGADO DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA O ANO 2023.-**

Con data 24 de maio de 2023 o Concello de Vilanova de Arousa asinou coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia o Convenio Interadministrativo para a realización de accións de prevención defensa contra os incendios forestais durante os anos 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

A Consellería de Medio Rural ofrece ao Concello de Vilanova de Arousa colaboración económica para financiar a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba e a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado.

A cláusula 5.3. do dito convenio obriga ao concello a dispoñer de persoal encargado do vehículo motobomba que se adscribe ao operativo. Así mesmo as cláusulas 6, 7 e 8 do convenio obrigan ao concello a dispoñer dunha brigada que realice funcións de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En consecuencia, o concello de Vilanova de Arousa debe proceder á contratación de:

--Dous (2) choferes que manterán operativo o vehículo motobomba durante 16 horas ó día durante 3 meses do ano 2023.

--Así como á contratación dunha BRIGADA durante 3 meses coa seguinte composición:

- Un (1) xefe de brigada con carné de conducir clase B
- Un (1) peón condutor co permiso de conducir clase B.
- Tres (3) peóns.

Dada a urxencia de tempo o proceso selectivo do dito persoal se convoca mediante Resolución desta alcaldía que se comunica ao Comité de Empresa do concello.

Por todo isto, esta Alcaldía, conforme ás bases específicas sinaladas ao respecto no Convenio Interadministrativo asinado coa Consellería de Medio Rural con data 24 de maio de 2023 e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL,

Documento asinado electronicamente conforme á Lei 06/2020, do 11 de novembro, reguladora dos Servizos Electrónicos de Confianza





61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

ACORDA

PRIMEIRO.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABAJO QUE SE CONVOCAN.

POSTOS DE TRABAJO. Convocase proceso selectivo para a cobertura dos seguintes postos de traballo:

-Dous (2) postos de traballo de Chofer para o vehículo motobomba adscrito ao servizo de prevención de incendios forestais.

-Brigada municipal para a prevención e defensa contra os incendios forestais coa seguinte composición:

-Un (1) Xefe de Brigada con carné de conducir clase B. O xefe de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal a que pertence Vilanova de Arousa.

-Un (1) Peón Conductor co permiso de conducir clase B.

-Tres (3) Peóns.

TEMPO DURACIÓN CONTRATO. Coas persoas seleccionadas asinarase un contrato laboral temporal a tempo completo durante tres (3) meses de duración.

As persoas que compoñen a brigada realizarán as labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade da brigada, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

MODALIDADE CONTRACTUAL. A modalidade de contrato será a de "circunstancias da produción" regulado no artigo 15.2 do do Estatutos dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en relación co disposto nos parágrafos segundo e terceiro da Disposición Adicional Quinta, "Contratación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea", do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral.

As retribucións que percibirán os/as traballadores/as contratados/as satisfaranse con cargo á Subvención incluída no convenio de





colaboración asinado entre o concello e a Consellería de Medio Rural con data 24 de maio de 2023.

SEGUNDO.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES. Os/a traballadores/as que sexan contratados/as deberán posuír os seguintes requisitos o día en que se celebre a entrevista a que se refire o apartado terceiro da presente resolución.

REQUISITOS DOS CHÓFERES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA:

- Estar en posesión do permiso de conducir Clase C.
- Posuír unha capacidade física axeitada. Os motobombistas deberán superar un recoñecemento médico e probas de esforzo atendendo á recomendación técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para procedementos de elección de persoal para extinción de incendios.

REQUISITOS COMÚNS DOS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS:

Posuír unha capacidade física axeitada. Os brigadistas deberán superar un recoñecemento médico e probas de esforzo atendendo á recomendación técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para procedementos de elección de persoal para extinción de incendios.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA ALGÚNS DOS MEMBROS DA BRIGADA:

REQUISITOS DO XEFE/A DE BRIGADA.

Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

- Ademais deberá estar en posesión do permiso de conducir clase B.

REQUISITOS DO PEÓN CONDUCTOR/A.

- Deberá posuír o permiso de conducir clase B.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

OFERTA. O procedemento de selección desenvolverase do seguinte xeito: O Concello, a través da súa Orientadora Laboral tramitará ante o Servizo de Emprego en Galicia (SPEG) unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.





En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG deberá publicar esta Resolución na sede electrónica do concello <http://sede.vilanovadearousa.gal/> dentro do portal "oferta de emprego público".

ENTREVISTA. Recibido no concello o listado de aspirantes remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), se celebrará entrevista ás persoas incluídas no dito listado. A citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

A entrevista será persoal e versará sobre aspectos curriculares e relacionados co posto de traballo co obxecto de coñecer a personalidade do suxeito (e se conta coas características persoais necesarias para o desenvolvemento do posto), a súa capacitación xeral para o posto de traballo (aptitudes que determinan a correcta execución do traballo) e a súa motivación (implicación persoal para coas tarefas e funcións a desenvolver).

O aspirante que non achegue a documentación requirida no acto da entrevista non será valorado por este apartado.

Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais. Esta experiencia deberá estar acreditada.

Os requisitos esixidos para o desenvolvemento de tódolos postos de traballo que se convocan, haberán de posuírse na data de celebración da entrevista.

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN. No acta da Comisión de Selección reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da mesma outorga aos aspirantes pola dita entrevista persoal, agás que esta sexa unánime.

CRITERIOS DESEMPATE. Nos casos de empate este dirimirase en función do maior tempo en situación de desemprego dende o último contrato de traballo e, de persistir o empate, se dirimirá por sorteo.

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. Trala celebración da entrevista a Comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado.

RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN E ANUNCIO. Unha vez asinada a Resolución polo Alcalde, publicarase un anuncio coa identidade dos traballadores seleccionados que se inserirá no taboleiro de anuncios do concello e na dita sede electrónica.





CHÓFERES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR NA ENTREVISTA DOS CHÓFERES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA.

En dita entrevista os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia e orixinal do permiso de conducir tipo C en vigor.
- Libro de familia e fotocopia do mesmo.
- Documentación acreditativa da experiencia laboral en materia de prevención de incendios (contratos de traballo, nóminas...).
- Informe de vida laboral actual.

O aspirante que non achegue a documentación requirida no acto da entrevista non será valorado por este apartado.

BAREMO CHÓFER VEHÍCULO MOTOBOMBA

A selección dos **CHOFERES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA** efectuarase pola Comisión de Selección mediante a aplicación do seguinte **BAREMO**:

- Experiencia en tarefas como Motobombistas a razón de 1,00 puntos por campaña anual ate un máximo de 4,00 puntos.
- Cargas familiares. Por cada fillo menor de 26 anos: 0,50 puntos. Ate un máximo de 1,00 puntos.
- Antigüidade na situación de desemprego segundo o informe de vida laboral. 0,10 puntos por mes ate un máximo de 2,00 puntos.
- A entrevista valorarase de 00,00 a 3,00 puntos, será persoal e versará sobre aspectos curriculares.

BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR NA ENTREVISTA DOS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

En dita entrevista os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN XEFE DE BRIGADA:

- Fotocopia e orixinal do documento que acredite estar en posesión dunha das titulacións esixidas para desenvolver o posto de traballo.

Documento asinado electronicamente conforme á Lei 06/2020, do 11 de novembro, reguladora dos Servizos Electrónicos de Confianza





- Fotocopia e orixinal do permiso de conducir tipo B en vigor.
- Libro de familia orixinal e fotocopia do mesmo.
- Informe de vida laboral actual.
- Documentación acreditativa de traballos realizados en tarefas de prevención e extinción de incendios forestais (contratos, nóminas...).

DOCUMENTACIÓN PEÓNS DE BRIGADA:

- Libro de familia orixinal e fotocopia do mesmo.
- Informe de vida laboral actual.
- Documentación acreditativa de traballos realizados en tarefas de prevención e extinción de incendios forestais (contratos, nóminas...).
- Os que teñan carné terán que aportar fotocopia do permiso de conducir tipo B en vigor e o orixinal.

A selección dos traballadores efectuarase pola Comisión de Selección mediante a aplicación do seguinte BAREMO:

BAREMO XEFE DE BRIGADA:

- Por ter desenvolvido as labores de Xefe de Brigada en campañas anteriores a razón de 1,00 puntos por campaña anual ata un máximo de 4,00 puntos.
- As cargas familiares valóranse con 0,50 puntos por fillo menor de 26 anos, ata un máximo de 1,00 punto.
- Por cada mes en situación de desemprego dende o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ata un total de 2,00 puntos.
- Puntuación da entrevista: De 00,00 a 3,00 puntos.

BAREMO PEÓNS DE BRIGADA:

- Por ter desenvolvido as labores de Peóns de Brigada en campañas anteriores a razón de 1,00 punto por campaña anual ata un máximo de 4,00 puntos.
- As cargas familiares valóranse con 0,50 puntos por fillo menor de 26 anos, ata un máximo de 1,00 punto.
- Por cada mes en situación de desemprego dende o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ata un total de 2,00 puntos.
- Puntuación da entrevista: De 0 a 3,00 puntos.

Dado que o Servizo de Emprego envía un listado de traballadores de retén de incendios forestais sen distinguir entre categorías de peón e peón condutor, a Comisión de Selección propoñerá que se contrate como peón condutor ao que teña máis puntuación dos candidatos e que conte co carné necesario.





CUARTO.-CURSO DE FORMACIÓN, RECOÑECIMIENTO MÉDICO E PROBAS FÍSICAS.

As persoas seleccionadas para cada un dos postos de traballo citados nesta resolución, antes de asinar o correspondente contrato de traballo, deberán:

-Realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas de duración que deberá ser impartido por persoal competente na materia: un enxeñeiro de montes ou por un enxeñeiro técnico forestal. O custe do dito curso será asumido polo concello. O curso será obrigatorio aínda que xa o recibisen en anos anteriores.

-Realizar unha proba de esforzo físico obrigatoria nos termos previstos no convenio.

-Pasar un recoñecemento médico preventivo.

A estes efectos o concello contratará unha empresa acreditada que, ao remate do curso e das probas certificará a superación das mesmas por cada aspirante seleccionado. Recibido o dito certificado no concello, se asinarán os correspondentes contratos de traballo.

Se algún dos aspirantes seleccionados non acreditara ter superado o curso de formación, as probas de esforzo físico ou recoñecemento médico preventivo, se chamará ao seguinte na lista de aspirantes para que realicen este trámite.

QUINTO.- SUPOSTO DE NON COBERTURA DO POSTO DE XEFE DE BRIGADA. Tendo en conta que a brigada municipal non pode empezar a funcionar sen a imprescindible existencia dun Xefe de Brigada, para os supostos de que o SPEG non remita un listado de aspirantes, ou cando se declare deserta a súa cobertura por non se ter presentado ningún aspirante entre os incluídos no dito listado, ou para o caso de que a persoa seleccionada e proposta pola Comisión de Selección renuncie á sinatura do contrato, con carácter excepcional e dado o avanzado da época de risco de incendios forestais, a Alcaldía queda facultada para asinar directamente un contrato laboral cun traballador/a que reúna todos os requisitos esixidos no apartado segundo desta resolución.

SEXTO.- COMISIÓN DE SELECCIÓN. O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

Presidenta: Magdalena Méndez Suárez. Técnica de Admón Xeral.
Secretaria: Rosana Nogueira Piñeiro. Funcionaria.

Documento asinado electronicamente conforme á Lei 06/2020, do 11 de novembro, reguladora dos Servizos Electrónicos de Confianza





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



Vogais:

Alfonso Rodríguez Otero. Encargado de Obras.
María José Cidón Conde. Orientadora Laboral.
Susana Serantes Álvarez. Tesoureira.

Por razóns de posuír a titulación requirida para a selección do posto de traballo de Xefe de Brigada a Comisión de Selección terá a seguinte composición:

Presidenta: Magdalena Méndez Suárez. TAX.
Secretaria: Susana Serantes Álvarez. Tesoureira.
Vogal: María José Cidón Conde. Orientadora Laboral do Concello.

Os/as membros da Comisión de Selección percibirán pola súa asistencia ás sesións do mesmo dietas e, no seu caso, indemnizacións por desprazamento, na mesma contía e condicións que a establecida para os empregados públicos da Xunta de Galicia.

Vilanova de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde en funcións

Gonzalo Durán Hermida

Dou fe. O Secretario Xeral

Javier Bouzada Romero

